

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE MAIO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 21 de maio de 2014

HORA DE COMEZO: 14:20 h.

HORA DE REMATE: 13:05 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D^a M^a Lucía Ledesma Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño, D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 14 DE MAIO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 14 de maio de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 19 DE MAIO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

MAIORES

EXPEDIENTE Nº 23.411.- A Xoan Antón Ricoy Lago, con enderezo en Avda. De Vigo 97 3o H - Cangas,- .-ira en Castrillón - Coiro, en s'olo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 63,80 m2 de semisoto, 53,60 de planta baixa, 55,35 de primeiro andar, 24,35 de aproveitamento baixo cuberta, 9,70 de terrazas e 7,00 metros de cerco, de conformidade co proxecto básico visado o 30 de xuño de 2.010, e modificado de básico de decembro de 2.010, planos correxidos, visados o 26 de abril de 2.011 e a que antes do comenzo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Autorízase a división do terreo destina a viais e espazos libres de 37,85 m2.

Aceptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro, efectuada con data 27 de maio de 2.011.

2.A.2) LICENZAS PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21 . 179. - LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR MONTAJES DARBO S.L.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitid^ ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 9 de maio de 2*014, acordou:

a)outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a MONTAJES DARBO S.L., con enderezo en Pereiriña 4 - Espisito Santo - Coiro, para edificio de 6 vivendas, sito en Maria Soliña 6 - Cangas, construído o abeiro da licenza municipal Nº 20.594.

EXPEDIENTE Nº 21. 682 . - LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR JOSE LUIS IGLESIAS RIAL.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 8 de maio de 2014, acordou:

a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a José Luis Iglesias Rial, con enderezo en Avda. De Bueu 11 - 3o C Cangas, para vivenda, sita en Santias -Igresario - Hio, construída o abeiro da licenza municipal Nº 21.121.

b) Asimesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.A.3) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.772.- A Ignacio Perez Iglesias, con enderezo en Carballal 8 - Coiro, para no referido lugar, legalizar dous tramos de muro de contención de terras de 30,06 e 8,05 metros de lonxitude e alturas variables, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 23.728.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.744.- A Maria del Carmen Martínez Hermelo, con enderezo en Erbello - Centro 21 - Aldan, outorgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES para o remate das obras amparadas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

EXPEDIENTE Nº 1.635.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR PABLO BEA PAZOS.- A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a cafetería, cervecería tapperia, en Real 58 - baixo - Cangas, peticiónada por Pablo Bea Pazos, con enderezo no referido lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo Arquitecto Municipal de data 12 de maio de 2014.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras

aplicadas ou previstas no proxecto- presentado, procederase á revogar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.702.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR GESPROFIN C.B.- A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a oficina, en Baiona 23 - Cangas, peticiónada por GESPROFIN C.B., con enderezo no referido lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo Arquitecto Municipal de data 12 de maio de 2014.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revogar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible

restablece la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

DACION DE CONTA DE COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

Dase conta a Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas:

EXPEDIENTE Nº 24.233.- Roberto Novas Menduiña, demolición cerco e construción de outro novo, en David Cal 32 - Hio. EXPEDIENTE Nº 24.929.- Serafin Novas Martínez, cerco en Camiño da Saloa - Hio.

EXPEDIENTE Nº 24.948.- CASA DA LUZ DE ALDAN, mellora paixaxística de finca en Pias - Francón - Aldan.

EXPEDIENTE Nº 24.961.- Olga Maria Sánchez Outeda, limpeza e desescombros en Rúa Faixa 8 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 24.967.- Claudio Lagoa González, reparación fachadas e colocación portal en Escote 2,8 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 24.972.- Modesto González Sotelo, cerco en Barreiras 22 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 24.976.- Esperanza Gago No^ueira, cerco en Donón - Hio.

EXPEDIENTE Nº 24.977.- Beatriz Lombao Gómez, pintado interior e cambio de cristalería en local en Lirio 8 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 24.978.- Carmen Rodal Rodal e outros, reparación fachadas en edificio en Mendez Nuñez 35 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 24.979.- José Manuel Martínez Fernández, reparación cuberta en Baixada a Praia 5 - Vilariño - Hio.

EXPEDIENTE Nº 24.980.- Dolores Hermelo Rivero, reparación cuberta en Menduiña 2 - Aldan.

EXPEDIENTE Nº 24.982.- Vicenta Graña Díaz, cambio de tella e reparación cuberta en Serra de -Nacente 6 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 24.987.- Antonio Piñeiro Pórtela, substitución material cubricción en Xoan Piñeiro 7- Nerga - Hio.

EXPEDIENTE Nº 24.988.- Maria Amparo Cabaleiro Martinez, substitución material cubricción en Limens 77 Hio.

EXPEDIENTE Nº 24.994.- Alberta Santos Gómez, acondicionamento posto mercado de Abastos.

EXPEDIENTE Nº 1.725.- Beatriz Lombao Gómez, tenda erótica - Sex Shop en Lirio 8 - Cangas.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 20.5.14, relativa a concesión de axudas do Servizo Municipal de Emerxencia Social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Estanislao Graña García, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra)

En relación coa solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de 633,66 € a don M. Gil Santos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

5º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A PROMOCIÓN DO USO DA LÍNGUA GALEGA

RESOLUCION

SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.

Vista a Orde do 4 de abril de 2014 da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede a súa convocatoria (EDI 15A). Vista a memoria redactada polos técnicos municipais á proposta formulada polo concelleiro-delegado de Cultura e Educación, e con base ñas atribucións que teño conferidas, RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Cultura e Educación e Ordenación Universitaria unha axuda para a promoción da lingua galega ao amparo da Orde citada, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na mesma, polo importe de 3.500,00 euros, para o desenvolvemento das seguintes actividades:

1.- CAMPAÑA DE INFORMACIÓN DIRIXIDA A MOCEDADE SOBRE RECURSOS E ACTIVIDADES CULTURAIS E PROMOCIÓN DOS VALORES CULTURAIS PROPIOS DO CONCELLO DE CANGAS.

Orzamento 1.000,00 €.

2.- CAMPAÑA DE FOMENTO DO USO DO GALEGO ENTRE AS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DE FESTAS POPULARES DO CONCELLO.

Orzamento 2.500,00 €.

Segundo.- Declarar que o Concello de Cangas, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para a promoción do uso da lingua galega.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución na próxima Xunta de Goberno Local que se celebrer

, a once de maio de dous mil

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

6º.- DACIÓN DE CONTA DE TRANSMISIÓN EFECTIVA DE POSTOS DE VENDA DE PEIXE NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

Ref.: Ap. Xco. Secretaría V-14/028

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 49 (ANTERIOR Nº 71) DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 24/03/2014 foi autorizada a transmisión da condición de concesionario do posto nº 49 (anterior nº 71) de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que era titular Carmen Cecilia Grana Graña. a favor de Da. Ma. Carmen Graña Graña, con enderezo a efectos de notificación Rúa San Xosé nº 74 A, debendo comunicar ao Concello no prazo de dous meses dende a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.

II.- Dentro do prazo outorgado, mediante escrito de data 15/05/2014 con rexistro de entrada nº 5815 transmitente e adquirente comunican que a transmisión xa se fixo efectiva.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente no seu artigo 3 I dispoñe:

" (...) Se o concello autoriza a transmisión, dispoñe dun prazo de dous meses dende a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión ínter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a tódolos efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirilo posto."

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto á duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario dende a data de inicio da concesión e non dende a transmisión.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do Regulamento.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto nº 49 (anterior nº 71) de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que era titular Carmen Cecilia Graña Graña a favor de Da. Ma. Carmen Graña Graña.

SEGUNDO.- Declarar que Da.Ma. Carmen Graña Graña, ten adquirido a concesión do posto de peixe nº 49 da Praza de Abastos sendo a súa titular a todos os efectos e sucedendo á anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lle transmite.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, a esta Concellería así como á Tesourería.

Cangas, 16 de maio de 2014

A CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO S/CONCESIÓNS DE LICENZA DE APERTURA PARA A INSTALACIÓN DE QUIOSCO DESMONTABLE EN TERREOS PRIVADOS, EN ZONA DE SERVIDUME, DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2014

O Concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, D. Jesús Graña Graña, propon a Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, o seguinte:

- Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidumbre, durante a tempada de verán 2014, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Cumprindo coas condicións do anexo.
- Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.

- 1.- MEDUSA CB, CIF E-94076486, representado por ROI CAMPOS FERNANDEZ, con enderezo en Avda Vigo, 14, 2o B, Cangas, para a instalación dun quiosco de 20 m2, no lugar de praia de Rodeira, Espiritu Santo, Coiro.
- 2.- MARCO DE CESERO FEIJOO, con NIE X0641390-N, con enderezo en C/ Serafín Avendaño, 11, 6o B, Vigo, para a instalación dun quiosco de 12 m2, no lugar de praia Areabrava-Hio.
- 3.- JESUS OTERO OTERO, con DNI 76811767-R, con enderezo en Ctra. Hio a Vilanova, 1, Hio, para a instalación dun quiosco de 20 m2 no, lugar de praia Areabrava, Hio.
- 4.- TAMARA LEMOS COSTAS, con DNI 53113418-R, con enderezo en R/ Bernardino Graña, 5, Io A, Moaña, pra a instalación dun quiosco de 20 m2, no lugar de Pintens, Hio.
- 5.- MARIA MIRIAN SOTO BERNARDEZ, con DNI 78734046-D, con enderezo en Cmño. da Garita, 23, Rodeira, Cangas, para a instalación dun quiosco de 9,60 m2 no lugar de Rodeira, Cangas.

Cangas, a 15 maio de 2014.

O CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE^PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE
CONCELLOS DO MORRAZO

ANEXO

As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes CONDICIÓNs:

1º.- Previamente á instalación deberase proceder ao pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lie sexan liquidadas pola Intervención Municipal. 2º.- O horario de apertura será de 10.00 horas atas as 22.00 horas. 3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4º.- Deberá deposita-lo lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, a súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización. 5º.- A autorización municipal é intransferible.

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podándose únicamente proceder a venda de bebidas e xeados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7º.- Todas as súas conduccións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral si existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

80.- A instalación será desmontada trascorridos 15 días desde a súa extinción.

90.- Non se permitirá a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10 O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 xuño ata o 30 de setembro do 2014.

110.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios. 12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

130.- Observarase o previsto no R.D. 2817/83 do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).

140.- Advírteselle ao interesado que no caso de instalación de terraza sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ao levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o Concello estime oportunas.

O Concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, D. Jesús Graña Graña, propon a Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, o seguinte:

- Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidumbre, durante a tempada de verán 2014, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Cumprindo coas condicións do anexo.

- Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.

1.- IRIA OUTEIRAL OTERO, con DNI 39455156-J, con enderezo en Avda . Vigo, 21, Io, Cangas, para a instalación dun quiosco de 15 m², no lugar de praia de Nerga, Hio, Cangas.

2.- MARIA ESTHER MIRANDA VAQUEIRO, con DNI 35296320-Z, con enderezo en Ctra. Hio a Vilanova, 70, Pintens, Hio, para a instalación dun quiosco de 20 m², no lugar de praia de Carballa-Pintens-Hio.

3.- Ma LUISA COSTAS LORENZO, con DNI 35275935-F, con enderezo en Pintens, 24 A, Hio, para a instalación dun quiosco de 20 m² no, lugar de praia de Pintens, Hio.

O CONCELEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO
Cangas, a 15 maio de 2014.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

8º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

8.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A. A-36.036.739	Rúa Alexandre Cribeiro, nº 7- Cangas.	Rúa Alexandre Cribeiro, nº 7- Cangas.
CLUB DE MAR RÍA DE ALDÁN G-36.043.149	Avda. José Graña, s/n-Aldán.	Avda. José Graña, s/n-Aldán. Infórmase, pola Policía Local, que a titularidade do acceso é da Autoridade Portuaria, polo que deberían contar con esta autorización.

8.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
CARLOS IGLESIAS PATIÑO	Estrada de Bueu, nº 1-Vilariño-O Hío.	Baixada á Praia de Menduíña (restaurante "Bar Capitán") Autorízase a renovación do pasaxe permanente, concedido en X.G.L. de data 2.6.10 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

8.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE PRAZA DE APARCAMENTO PARA MINUSVÁLIDOS NO CENTRO DE SAÚDE DE CANGAS

Vista a solicitude presentada o día 27.3.14 por CHARO MALVIDO MARCOS, con enderezo en Rúa Paraíso, nº 5-baixo-Darbo, na que demanda a ampliación de prazas de minusválidos no aparcamento do Centro de Saúde de Cangas.

Dase conta de informe do día 27.3.14 da Policía Local, referente a solicitude de praza de aparcamento de minusválidos no Centro de Saúde de Cangas, que di o seguinte:

"Nº REX: 617/14

ASUNTO: SOLICITUDE DE PRAZA DE APARCAMENTO PARA MINUSVÁLIDOS NO CENTRO DE SAÚDE DE CANGAS

Os axentes da Policía Local de Cangas, con número de identificación profesional 052006 e 052023, por medio do presente, informan que se podería ampliar en dúas prazas de minusválidos cara atrás ou cara adiante e habilitando unha zona de exclusión."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

8.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE ESPELLO EN SEIXO-DARBO

Vista a solicitude presentada o día 6.5.14 por CARMEN RIAL HERBELLO, con enderezo en Rúa Seixo, nº 25-Darbo, na que demanda a instalación de espello en Seixo-Darbo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido o día 9.4.14 pola Policía Local, acorda aprobar a solicitude da Sra. Rial Herbelo para a instalación de espello en Seixo-Darbo.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DO CONCELEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO DE MONITORES DE TEMPO LIBRE

Examinada a proposta do día 13.5.14 da Concellería de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación do prezo público para a realización dun curso de monitores de tempo libre, que é como segue:

"PROPOSTA PARA REALIZACIÓN DUN CURSO DE MONITORES DE TEMPO UBRE

José Luis Gestido Porto, concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Ilmo. Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte prezo público:

Desde esta concellería, propoñemos a realización dun curso de monitores de tempo libre, para xoves que teñan 18 anos cumpridos e queiran formarse neste campo.

Curso que ten como obxectivo a formación de persoas capaces de realizar actividades socio-culturais e recreativas, tanto en tempo libre urbano como na natureza.

As escolas de tempo libre son centros de formación para cualificar e titular a monitores/as, animadores/as e educadores/as en xeral para a organización e execución de actividades relacionadas co lecer e tempo libre como campamentos, colonias, campos de traballo, actividades de asociacións e grupos xuvenís, centros de lecer, etc.

Os cursos de formación que se imparten nestas escolas son:

- *150 horas teóricas*
- *120 horas prácticas*

Con base no acordo plenario do 23 de novembro de 2011, aprobouse a Ordenanza reguladora de prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes e outras

actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello, e tendo en conta o seu artigo 4º) punto 1, di que: 'o establecemento da contía do prezo público será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local, e que así mesmo, no seu punto 4, di que: con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos, a Xunta de Goberno Local, poderá establecer prezos por debaixo do custe do servizo. Os prezos que se establecen son:

- a) 3.960,00 € Prezo total do curso para 20 alumnos/as.*
- b) 220,00 € prezo de cada praza.*
- c) 198,00 € prezo da praza para posuidores do carné xove, empadroados en Cangas e desempregados.*

As condicións que teñen que cumprir as persoas que queiran inscribirse son:

- * Ter cumpridos os 18 anos ao remate do curso.*
- * E estar en posesión do título de graduado/a da ESO."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Concellería de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación do prezo público para a realización dun curso de monitores de tempo libre da Concellería de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación do prezo público para a realización dun curso de monitores de tempo libre.

B) SOLICITUDE DE ANA M^a REGUEIRA GARCÍA S/CONCESIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE COIRO

Vista a solicitude presentada o día 2.5.14 por ANA M^a REGUEIRA GARCÍA, DNI nº 35.280.504-E, con enderezo en rúa A Guardia, nº 11-2º C-Cangas, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de un nicho sito no bloque E, panteón nº 6-letra D, do Cemiterio do Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 15.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. Regueira García, para concesión de un nicho no Cemiterio de Coiro.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de un nicho sito no bloque E, panteón nº 6-letra D, do Cemiterio do Coiro.

C) ACORDO DE AGRADECIMENTO POLA COLABORACIÓN NA CELEBRACIÓN DO DÍA DE BALONMÁN

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 15.6.11, acorda o seguinte:

* FELICITAR Ó CLUBE BALONMÁN CANGAS, pola súa permanencia na categoría de ASOBAL.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 15.6.11, quere agradecer a colaboración polo "DÍA DE BALONMÁN" a:

- * OSCAR FERNÁNDEZ
- * FRAN TEIXEIRA
- * CLUB BALONMAN CANGAS FRIGORÍFICOS MORRAZO
- * FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMAN
- * POLICÍA LOCAL
- * PROTECCIÓN CIVIL
- * EMPRESA DE RECOLLIDA DE RESÍDUOS "RECOLTE" O61
- * DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace

o presidente